

# DECLARACIÓN AMBIENTAL-2017

# CONCELLO DE MARIN



CONCELLO DE MARÍN  
CONCELLARÍA DE MEDIO AMBIENTE

 <p>CONCELLO DE MARÍN CONCELLARÍA DE MEDIO AMBIENTE</p>	<b>DECLARACION MEDIOAMBIENTAL</b>	<b>Código: DMA- CONCELLO DE MARIN</b>  <b>Revisión: 9</b>
---	-----------------------------------	---

### INDICE

1. PRESENTACIÓN DA ORGANIZACIÓN. ALCANCE DO SISTEMA DE XESTIÓN MEDIOAMBIENTAL
2. POLÍTICA MEDIOAMBIENTAL.
3. DESCRICIÓN DO SISTEMA DE XESTIÓN MEDIOAMBIENTAL.
4. DESCRICIÓN DE TODOS OS ASPECTOS MEDIOAMBIENTAIS DIRECTOS E INDIRECTOS SIGNIFICATIVOS
5. DESCRICIÓN DOS OBXECTIVOS E METAS MEDIOAMBIENTAIS EN RELACIÓN COS ASPECTOS E IMPACTOS MEDIOAMBIENTAIS SIGNIFICATIVOS.
6. DESCRICIÓN SOBRE AS EMISIÓNS DE CONTAMINANTES, A XERACIÓN DE RESIDUOS, O CONSUMO DE MATERIAS PRIMAS, ENERXÍA E AUGA, O RUÍDO, ASÍ COMO OUTROS ASPECTOS.
7. INDICADORES BASICOS.
8. COMPORTAMENTO RESPECTO DAS DISPOSICIÓNS XURÍDICAS EN RELACIÓN COS SEUS IMPACTOS MEDIOAMBIENTAIS.
9. AUDITORIAS INTERNAS.
10. REVISIÓN POLA DIRECCIÓN
11. NOME E NÚMERO DE ACREDITACIÓN DO VERIFICADOR MEDIOAMBIENTAL E DATA DE VALIDACIÓN.


 <p>CONCELLO DE MARÍN CONCELLARIA DE MEDIO AMBIENTE</p>	<b>DECLARACION MEDIOAMBIENTAL</b>	<b>Código: DMA- CONCELLO DE MARIN</b>  <b>Revisión: 9</b>
---	-----------------------------------	---

## 1. PRESENTACION DA ORGANIZACIÓN. ALCANCE DO SISTEMA DE XESTIÓN MEDIOAMBIENTAL

No Concello de Marín conscientes da importancia do comportamento medioambiental e convencidos da necesidade de establecer unha política e uns obxectivos medioambientais de protección e prevención da contaminación na xestión das praias, iniciamos a finais do ano 2008 a implantación dun Sistema de Xestión Medioambiental baseado na norma ISO 14001:2004 e no regulamento EMAS II.

Ó alcance do sistema de xestión ambiental é "XESTION DE PRAIAS".

Dende o 10 de Xullo de 2009 o Concello de Marín atopase rexistrado có numero ES-GA-230.

O longo do ano 2012 establecéronse as medidas pertinentes có fin de implantar o regulamento EMAS III.

Durante 2016, un ano máis, no contexto do mantemento do noso sistema de xestión ambiental, dende as Concellerías de Medio e de Praias vimos de traballar na redución dos impactos ambientais asociados ao usufructo das Praias do Concello de Marín e na mellora dos servizos nestas ofrecidos.

Este documento é a 9 actualización das declaracións medioambientais que se levan a cabo anualmente, có que se pretende facilitar ao público e a outras partes interesadas información medioambiental do Concello de Marín, as liñas extratécnicas e as melloras permanentes acadadas no contexto medioambiental.

  
  
**DNY-GL**

 CONCELLO DE MARÍN CONCELLARÍA DE MEDIO AMBIENTE	<b>DECLARACION MEDIOAMBIENTAL</b>	<b>Código: DMA- CONCELLO DE MARIN</b>
		<b>Revisión: 9</b>

### 1.1. DATOS XERAIS.

**ORGANIZACIÓN:** CONCELLO DE MARIN

**DIRECCIÓN DO CONCELLO:** AVENIDA DE OURENSE S/N

**CIF:** P3602600C

**TELEFONO:** 986.880.300/886.208.086

**FAX:** 986.882.013/886.208.087

### 1.2. PRESENTACIÓN DO CONCELLO.

Marín atópase situado na península do Morrazo, na marxe meridional da Ría de Pontevedra, a 7Km. de Pontevedra e a 27Km. de Vigo.

Marín conta cunha poboación de 25.885 habitantes (I.N.E 2007) e cunha extensión de 35.9 Km<sup>2</sup>.


Marín é coñecido mundialmente por albergar a Escola Naval Militar que foi trasladada ata esta localización en 1943 desde San Fernando (Cádiz).

O CNAE do CONCELLO DE MARIN é o 8411 correspondente a Actividades xerais da administración pública sendo o 39.00 o correspondente a actividades de descontaminación e outros servizos de xestión de residuos.

### 1.3. PRAIAS. ALCANCE DO SISTEMA DE XESTIÓN MEDIOAMBIENTAL

As praias obxecto da implantación do Sistema de Xestión Medioambiental baseado no regulamento EMAS son as enumeradas a continuación:

- PORTOCELO.
- MOGOR.
- AGUETE.
- LOIRA.
- COVIÑA
- SANTO DO MAR.





Coa implantación do Sistema de Xestión Medioambiental preténdese evitar a degradación das praias, e potenciar a mellora medioambiental das mesmas dende o punto de vista da xestión das praias e dende o uso das mesmas, potenciando no usuario a conciencia medioambiental.

As actividades que se desenvolven dentro do alcance do Sistema de Xestión Medioambiental das praias do CONCELLO DE MARIN son as actividades de seguridade, salvamento e primeiros auxilios, limpeza e recollida de residuos, mantemento das instalacións, accesos, servizos hixiénicos e actividades de lecer . Dentro das actividades que se atopan dentro do alcance téñense en conta tamén o mantemento da maquinaria para dar servizo á praia e que son xestionadas en instalacións pertencentes ao CONCELLO DE MARIN.


#### 1. PRAIAS

A continuación presentase unha breve descrición de cada unha das praias que foron obxecto da implantación de este regulamento e unha limitación das mesmas:



 <p>CONCELLO DE MARÍN CONCELLARÍA DE MEDIO AMBIENTE</p>	<b>DECLARACION MEDIOAMBIENTAL</b>	<b>Código: DMA- CONCELLO DE MARIN</b>
		<b>Revisión: 9</b>

## A. PORTOCELO.



Praia rectilínea, de area dourada combinada con pequenas pedriñas, abicada nun entorno urbano, nas proximidades do núcleo de Marín e ben resgardada.. Comunicada coa praia de Mogor por un paseo que discorre baixo a sombra de pinos e eucaliptos. Con augas tranquilas, propicias para o baño e os deportes acuáticos: vela, esquí, motonáutica e windsurf. Fermosas vistas dos areais.. Presenta unha lonxitude de 225 m e unha anchura de 30 m en baixamar.

Para o acceso dende o centro urbano do Concello de Marín ata a praia de Portocelo, o propio Concello promove medios de transporte sostibles, habilitando liñas de autobuses que percorren todas as praias do municipio, distintas rutas cicloturistas e areas dotadas de “aparcabicicletas”. Dispónse para todo o Concello de Marín dunha ordenación das contornas e acceso ás praias. Na praia de Portocelo realizouse un acondicionamento do aparcadoiro e a sinalización dos mesmos. Para o acceso directamente á praia dispónse na marxe dereita duna rampla e acceso á praia a través dunhas escaleiras e na marxe esquerda da mesma un acceso a nivel con pasarelas e escaleira de acceso á praia.

Portocelo dispón de sanitarios de libre acceso público. Realízanse actividades de limpeza diariamente na praia, baleirándose as papeleiras e limpando a area por medio da brigada de limpeza / mantemento é contrata municipal có apoio de camións colectores.

Para a recollida dos residuos xerados como consecuencia das actividades que se desenvolven dentro da praia dispónse de papeleiras para a recollida selectiva dentro do areal (envases e plásticos e material orgánico). Nas inmediacións da praia existen illas de contedores para a recollida de plásticos e envases, residuos orgánicos, papel e vidro.

Na praia de Portocelo dispónse de 1 kiosko, 4 duchas no areal ,1 baño dotado con aseo adaptado para minusválidos e está dotada con balizamento.

 <p>CONCELLO DE MARÍN CONCELLARÍA DE MEDIO AMBIENTE</p>	<b>DECLARACION MEDIOAMBIENTAL</b>	<b>Código: DMA- CONCELLO DE MARIN</b>  <b>Revisión: 9</b>
---	-----------------------------------	---

A praia dispón de bandeira azul

## B. MOGOR



Praia rasgada con unha lonxitude de 400 m e unha anchura media de 50 m. Presenta unha area branca e fina e forma de media lúa resgardada dos ventos polos piñeirais que a rodean. Dispón de unhas magníficas vistas sobre a Ría de Pontevedra e a illa de Tambo.

Unha vez ó día e apoiada por camións colectores e vehículos limpiapraias, o personal de mantemento así como a contrata de limpeza específica das praias realizan a limpeza do areal e recollida de lixo da praia na que dispónse de papeleiras para a recollida selectiva (envases e plásticos e residuos orgánicos) e de illas de contedores nas proximidades para a eliminación de residuos orgánicos, envases e plásticos, papel e cartón vidro.

O concello de Marín promociona o uso de autobuses para o desprazamento ata as praias. Ao mesmo tempo desde o propio concello dispónse dun plan de ordenación das contornas e accesos ás praias. Hanse acondicionando os aparcadoiros das praias, sinalizándoos de forma correcta, o igual que as areas reservadas os ciclistas ou de uso compartido peonil e ciclista.

Na praia de Mogor dispónse de 3 duchas no areal ,1 baño dotado con aseo adaptado para minusválidos e está dotada con balizamento, kiosko e hidropedais.

A praia dispón de Bandeira Azul.



	<b>DECLARACION MEDIOAMBIENTAL</b>	<b>Código: DMA- CONCELLO DE MARIN</b>
		<b>Revisión: 9</b>

### C. AGUETE.



Ampla praia en forma de media cuncha, area branca e fina, augas tranquilas, dotada de bo equipamento e sita nun entorno semiurbano. Encontrase nas proximidades do club de mar de Aguete, que ofrece a posibilidade de practicar todo tipo de deportes acuáticos. Presenta unha lonxitude de 920 m e unha anchura media de 22 m e distintos accesos.

Unha vez ó día, e apoiados por camións colectores e vehículos limpiapraias, o personal de mantemento así como a contrata de limpeza específica das praias realizan a limpeza do areal e recollida de lixo desta praia na que dispóndose de papeleiras para a recollida selectiva (envases e plásticos e residuos orgánicos) e de illas de contedores nas proximidades para a eliminación de residuos orgánicos, envases e plásticos, papel e cartón vidro.

O concello de Marín promociona o uso de autobuses para o desprazamento ata as praias. Ao mesmo tempo desde o propio concello dispónse dun plan de ordenación dos contornos e accesos ás mesmas. Hanse acondicionando os aparcadoiros das praias, sinalizándoos de forma correcta o igual que os carris de uso exclusivo para ciclistas ou uso compartido. En canto ós accesos á praia na marxe dereita existe unha rampla con pasarelas e unha escaleira, na marxe esquerda dispónse dun acceso mediante rampla con pasarelas de madeira e en total outros tres accesos con ramplas, estando situados un no centro e dous na marxe dereita.

Na praia de Aguete existen dos aseos de libre acceso público con baño adaptado para minusválidos, 5 duchas e dispón de balizamento, kiosko e hidropedais.

A praia presenta Bandeira Azul.





	<b>DECLARACION MEDIOAMBIENTAL</b>	<b>Código: DMA- CONCELLO DE MARIN</b>  <b>Revisión: 9</b>
--	-----------------------------------	---

D. LOIRA.



Praia en forma rectilínea, de area dourada e fina ubicada nun entorno semiurbano. A praia dispón de zona de fondeo de embarcacións. Conta con augas tranquilas e cálidas, ideais para nadar e gozar dos deportes acuáticos: vela, esquí náutico, motonáutica e windsurf. Dispón de unha lonxitude de 420 m e unha anchura media de 70 m. Esta praia esta formada pola desembocadura do río Loira, e esta delimitada por un promontorio frondoso na súa parte occidental.

Unha vez ó día e apoiada por camións colectores e vehículos limpiapraias, o personal de mantemento así como a contrata de limpeza específica das praias realizan a limpeza do areal e recollida de lixo da praia na que dispense de papeleiras para a recollida selectiva (envases e plásticos e residuos orgánicos). En varios accesos ou nas proximidades dispense de contenedores para a eliminación de residuos orgánicos, envases e plásticos, papel e cartón vidro.

O concello de Marín promociona o uso de autobuses para o desprazamento ata as praias. En Loira hanse acondicionando os aparcadoiros daspraias, sinalizándoos de forma correcta. En canto aos accesos á praia na marxe dereita existe unha rampla de acceso e na marxe esquerda un acceso a nivel con pasarelas.

Na praia de Loira dispense de 1 sanitario de libre acceso público con adaptación para minusválidos, 3 duchas e dispón de balizamento, 1 kiosko e 1 terraza.

A praia de Loira non conta con Bandeira Azul a diferenza do resto das do concello,



E, A COVIÑA.



Praia con fermosas vistas abicada nun entorno natural, é unha praia de augas tranquilas. Conta con fondeo para embarcacións.

Diariamente realizase a limpeza manualmente por parte da contrata municipal para a recollida de residuos na praia. Nesta praia dispónse de colectores destinados á recollida selectiva de residuos, existindo colectores destinados á materia orgánica, vidro e envases de plástico, latas, bricks...

O acceso á praia en coche durante os meses de verán restrínxese para asegurar o acceso de ambulancias, por tratarse de estradas secundarias. Non existe aparcadoiro no acceso á Praia da Coviña. Dispón de kiosko.

Conta con servizo de socorrismo e bandeira azul

F, SANTO DO MAR.



 <p>CONCELLO DE MARÍN CONCELLARÍA DE MEDIO AMBIENTE</p>	<b>DECLARACION MEDIOAMBIENTAL</b>	<b>Código: DMA- CONCELLO DE MARIN</b>  <b>Revisión: 9</b>
---	-----------------------------------	---

Praia en forma rectilínea, de area branca e fina, combinada con cantos rodados. Abicada nun entorno rural caracterizada polas súas augas tranquilas ideais para gozar do baño. Con zona de fondeo de embarcacións. Presenta unha lonxitude de 350 m e unha anchura media de 15 m.

Unha vez ó día realizase a limpeza de forma manual por parte da brigada municipal para a recollida de residuos na praia. Disponse nesta praia de colectores destinados a recollida selectiva de residuos existindo colectores destinados á materia orgánica, vidro e envases de plástico, latas, bricks...

O acceso á praia en coche durante os meses de verán restrínxese para asegurar o acceso de ambulancias, por tratarse de estradas secundarias. Non existe aparcadoiro no acceso á Praia do Santo.

Dende a campaña 2015 a praia dispón de bandeira azul

## 2. PARQUE DE MAQUINARIA

Para levar a cabo a actividade de mantemento da maquinaria que se usa dentro da xestión das praias disponse dun pequeno parque de maquinaria e gardería de vehículos compartido coa empresa que leva a cabo a xestión de residuos sólidos urbanos .Nestas mesmas instalacións existe un pequeno almacenamento de produtos de limpeza e mantemento de maquinaria que se utilizan para levar a cabo distintas actividades relacionadas coa xestión das praias, ademais de parques e xardíns.

### 1.4. PERIODO.

A presente Declaración Medioambiental é a novena das declaracións medioambientais que se presenta.

Os datos expostos nesta declaración ambiental corresponden ao período estival do ano 2016.

 CONCELLO DE MARÍN CONCELLARÍA DE MEDIO AMBIENTE	<b>DECLARACION MEDIOAMBIENTAL</b>	<b>Código: DMA- CONCELLO DE MARIN</b>
		<b>Revisión: 9</b>

## 2. POLÍTICA MEDIOAMBIENTAL.

A política medioambiental é o documento público onde se recollen os obxectivos principais do CONCELLO DE MARIN respecto ao Medio Ambiente, asinado polo mais alto representante da dirección da organización, e actuando como o marco de referencia para establecer e revisar os obxectivos medioambientais.

  
DNY·GL

### POLÍTICA MEDIOAMBIENTAL

O CONCELLO DE MARÍN consciente da importancia de preservar, coidar e respectar o medioambiente coñecendo os impactos medioambientais xerados como consecuencia das actividades que se levan a cabo, e coa finalidade de lograr un mellor desenvolvemento sostible, considera necesario a implantación dun Sistema de Xestión Medioambiental.

A implantación dun Sistema de Xestión Medioambiental nos fai adoptar esta política medioambiental e comprometése á revisión periódica das nosas actividades e servizos có fin de comprobar o estrito acatamento desta Política e a mellora continua dos resultados medioambientais.

O CONCELLO DE MARÍN comprometése a:

- Cumprir con toda a lexislación medioambiental que lle sexa de aplicación, así como con todos os requisitos medioambientais que o CONCELLO DE MARÍN subscriba, relacionados cós seus impactos medioambientais asociados á xestión das praias.
- Levar a cabo unha avaliación das actividades que se levan a cabo dentro da xestión das praias do CONCELLO DE MARÍN para coñecer cales son os nosos impactos medioambientais significativos.
- Desenvolver procedementos dos obxectivos e metas medioambientais, establecendo actuacións a levar a cabo e definindo as medidas a adoptar en caso de incumprimento, asegurando desta forma a mellora continua na xestión das praias.
- Levar a cabo as medidas necesarias para reducir e previr a contaminación mediante a implantación de medidas correctoras có fin de garantir a protección do medio ambiente, debido ás actividades desenvolvidas como consecuencia da xestión das praias.
- Buscar o aforro de recursos naturais levando a cabo un uso racional dos mesmos (auga, electricidade...) fomentando e buscando a sensibilización tanto dos usuarios das praias como de todos os traballadores que forman parte da xestión das praias do CONCELLO DE MARÍN.
- Promover a minimización de residuos e o fomento da recollida selectiva dos mesmos tanto entre os usuarios das praias como entre os propios traballadores do CONCELLO DE MARÍN.
- Informar da calidade das augas de baño, asegurando unhas condicións hixiénico-sanitarias aptas para o uso das zonas de baño.
- Fomentar a responsabilidade entre os distintos axentes involucrados na xestión e no uso das praias levando a cabo actuacións encamiñadas á formación e sensibilización, potenciando o uso respectuoso das praias e zonas de baño.
- Proporcionar información sobre o noso comportamento medioambiental ás partes interesadas.

MARÍN, A 22 DE XUÑO DE 2011

Dna. María del Pilar Ramallo Vázquez  
Alcaldesa de Marín



DNV-GL



 CONCELLO DE MARÍN CONCELLARÍA DE MEDIO AMBIENTE	<b>DECLARACION MEDIOAMBIENTAL</b>	<b>Código: DMA- CONCELLO DE MARIN</b>
		<b>Revisión: 9</b>


### 3. DESCRICIÓN DO SISTEMA DE XESTIÓN MEDIOAMBIENTAL

O Alcance do Sistema de Xestión Medioambiental inclúe as actividades e servizos levados a cabo nas praias do CONCELLO DE MARIN; entre outras as actividades que se teñen en conta son: Seguridade, salvamento e primeiros auxilios, limpeza e recollida de residuos, mantemento das instalacións existentes nas praias, accesos, servizos hixiénicos, mantemento dos equipos de limpeza das praias, actividades de lecer, etc.

O sistema de xestión medioambiental do CONCELLO DE MARIN está estruturado documentalmente en:

- Manual do Sistema de Xestión Medioambiental. no que se describe o sistema.
- Procedementos, onde se desenvolven as metodoloxías desenvolvidas para as distintas actividades e servizos.
- Instrucións Técnicas, onde se desenvolven de forma explícita algunha das actuacións descritas de forma xenérica nos procedementos.
- Registros de evidencia do cumprimento dos procedementos e instrucións.

#### ORGANIGRAMA DE XESTIÓN DE PRAIAS.



Nota: Os socorristas e o persoal de limpeza das praias son contratados na época estival, xa sexa de forma directa ou a través de entidade de servizos. Consideranse baixo o concepto de "empregados equivalentes" no cálculo dos indicadores básicos (apartado 7)

 CONCELLO DE MARÍN CONCELLARÍA DE MEDIO AMBIENTE	<b>DECLARACION MEDIOAMBIENTAL</b>	<b>Código: DMA- CONCELLO DE MARIN</b>
		<b>Revisión: 9</b>

Todas as responsabilidades atópanse definidas en cada un dos procedementos descritos e que conforman a documentación do Sistema de Xestión Medioambiental. As mais significativas do sistema de xestión medioambiental son:

ACTIVIDAD / AUTORIDAD	ALCALDESA	CONCELLEIRA DE TURISMO E PRAIAS/C DE MEDIOAMBIENTE	RESPONSABLE DO SISTEMA DE XESTION MEDIOAMBIENTAL	COORDINADOR DE SOCORRRSITAS	ENXEÑEIRO MUNICIPAL	CAPATAZ DE LIMPEZA
Definición política de medioambiente	x					
Aprobación do Manual e Declaración Medioambiental e elaboración da Revisión pola Dirección	x					
Poñer a disposición do Público a Política Medioambiental e a Declaración Medioambiental		X				
Aprobación da documentación do sistema		X				
Organización e Xestión dos recursos	x	X		X	X	
Coñecer a lexislación medioambiental aplicable		X	X		X	
Identificar e controlar os aspectos medioambientais e as potencias situacións de emerxencia			X			X
Elaboración dos obxetivos, metas e do programa medioambiental		X	X			
Elaboración e aprobación do plan de formación		X	X			X
Cumprir e facer cumprir os requisitos do sistema.	x	X	X	x	x	x
Atención e rexistro de non conformidades	x	X	X	x	x	x
Elaboración de accións correctoras/preventivas			X			
Verificación das accións correctoras/preventivas			X	x	x	x
Control e custodia de todos os documentos do sistema de xestión medioambiental			X			X

O Responsable de Medioambiente é o encargado da identificación dos aspectos medioambientais e da súa posterior avaliación, considerando os aspectos medioambientais directos, os indirectos, os que teñen lugar en condicións normais e anormais de traballo e os producidos polas potenciais situacións de emerxencia. A avaliación dos aspectos medioambientais define aqueles aspectos que son considerados significativos e os que se consideran como non significativos. A identificación e a avaliación dos aspectos medioambientais é actualizada ao menos con carácter anual polo Responsable de Medioambiente, que define os controis operacionais aplicábeis no caso de ser necesarios.



 CONCELLO DE MARÍN CONCELLARÍA DE MEDIO AMBIENTE	<b>DECLARACION MEDIOAMBIENTAL</b>	<b>Código: DMA- CONCELLO DE MARIN</b>  <b>Revisión: 9</b>
---	-----------------------------------	---

O Responsable de Medioambiente identifica e avalía a lexislación de aplicación ás actividades que se levan a cabo dentro do alcance do Sistema de Xestión Medioambiental. Así os requisitos legais de aplicación no CONCELLO DE MARIN proceden de:

- Lexislación europea.
- Lexislación nacional.
- Lexislación autonómica.
- Ordenanzas municipais do concello de Marín.
- Licencias, permisos, autorizacións.

Ao menos con carácter anual levase a cabo unha auditoría interna, segundo o indicado no Programa de Auditorías Medioambientais. A auditoría interna ten como obxecto a detección de deficiencias ou desviacións con respecto ao programado e a valoración da eficacia do sistema de xestión en relación ó fin para o que foi definido e implemado. Levase a cabo do mesmo xeito que a auditoría externa que anualmente e feita a través dun verificador medioambiental acreditado por ENAC.

As non conformidades detectadas nas auditorias, o igual que as que acontecen no día a día da xestión, son descritas e avaliadas, definíndose accións correctoras ou preventivas cuxa finalidade é dar solución ás mesmas, evitando que estas poidan volver a suceder.

Con carácter anual lévase a cabo a Revisión pola Dirección na que se teñen en conta ao menos os seguintes aspectos: Grado de adecuación da Política Medioambiental ás actividades desenvolvidas e en función das expectativas e esixencias das partes interesadas; sempre tendo en conta a lexislación de aplicación, Nivel de comportamento medioambiental alcanzado (análise dos indicadores de comportamento ambiental definidos), Grado de cumprimento de obxectivos e metas medioambientais establecidas, Evolución dos aspectos e impactos medioambientais asociados ás actividades levadas a cabo tanto no parque de maquinaria así como nas praias do Concello de Marín, Posibles requisitos da normativa previstos no futuro, Eficacia do Sistema de Xestión Medioambiental implantado, Necesidade ou non de cambiar ou modificar a documentación do sistema, Resultados das auditorías, Comunicacions das partes interesadas incluíndo as posible queixas de carácter medioambiental rexistradas, Estado das accións correctivas e preventivas, Seguimento das accións resultantes das revisións previas levadas a cabo pola Dirección, Recomendacións para a mellora, Outros temas que a Dirección estime oportunos.

Anualmente presentase ante ó Organismo Competente a declaración medioambiental do Sistema de Xestión Medioambiental validado por entidade acreditada por ENAC, onde se


Inundacións

Derrames de produtos nas instalacións de Sacoa.

Chegada de animais de gran tamaño ás praias.

Xestión de residuos no Taller

A dinámica da implantación e mantemento do sistema de xestión medioambiental, baseado no ciclo de mellora continua, é o que a continuación se indica:



 CONCELLO DE MARÍN CONCELLARÍA DE MEDIO AMBIENTE	<b>DECLARACION MEDIOAMBIENTAL</b>	<b>Código: DMA- CONCELLO DE MARIN</b>
		<b>Revisión: 9</b>

aportan os novos datos dos indicadores medioambientais e demais contidos pautados polo anexo IV do regulamento e as conclusións relativas a mellora do noso desenvolvemento ambiental.

Os procedementos descritos no Sistema de Xestión Medioambiental do CONCELLO DE MARIN son:

Control da documentación

Identificación e avaliación de requisitos legais e outros.

Identificación e avaliación de aspectos medioambientais

Xestión de emerxencias medioambientais

Xestión da comunicación medioambiental interna e externa

Obxectivos e metas medioambientais

Revisión do sistema pola dirección

Xestión de formación ambiental e competencia profesional

Xestión de provedores e subcontratistas

Xestión das non conformidades e accións correctivas e preventivas

Xestión das auditorías internas

Xestión de residuos

Control dos rexistros

Xestión dos consumos

Control operacional, seguimento e medición

Control das augas de baño

Control dos vertidos

Control das actividades que se levan a cabo nas praias

Control do almacén de produtos químicos

Control dos ruidos e vibracións

As Instrucións Técnicas desenvolvidas son:

Incendios

Derrames de graxas ou produtos combustibles no areal como consecuencia dun desperfecto nalgunha das maquinas de limpeza das praias

Derrames de graxas ou produtos combustibles no mar como consecuencia dun desperfecto nalgunha das embarcacións de salvamento marítimo da praia ou de embarcacións de recreo.

Presencia de grandes cantidades de algas

Rotura ou fisura da fosa séptica



 CONCELLO DE MARÍN CONCELLARÍA DE MEDIO AMBIENTE	<b>DECLARACION MEDIOAMBIENTAL</b>	<b>Código: DMA- CONCELLO DE MARIN</b>
		<b>Revisión: 9</b>

#### 4. DESCRIPCIÓN DE TODOS OS ASPECTOS MEDIOAMBIENTAIS DIRECTOS E INDIRECTOS SIGNIFICATIVOS

Coñécese como Aspecto medioambiental ao elemento das actividades, produtos ou servizos da organización que poden interferir no medioambiente; un aspecto medioambiental significativo é aquel que ten ou pode ter un impacto medioambiental significativo

##### 4.1. Avaliación de aspectos medioambientais directos.

Para a avaliación de aspectos medioambientais directos terase en conta tres variables

**TOXICIDADE:** Defínese como a intensidade do impacto medioambiental no medio ambiente e nas persoas xerado por cada un dos aspectos medioambientais das actividades, produtos ou servizos da empresa.

**MAGNITUDE:** A magnitude indica a dimensión cuantitativa do aspecto medioambiental xerado durante un ano polas actividades, produtos ou servizos da organización. Para a estimación da magnitude usaranse os valores obtidos nos indicadores ambientais asociados aos aspectos ambientais

**EXISTENCIA DE REQUISITOS:** Valora a existencia ou non de requisitos legais aplicables á actividade, produto ou servizo evacuado.

O nivel de significancia obtense a partir da realización do produto entre as tres variables (Toxicidade. Magnitude e Existencia de requisitos) por unha serie de factores ou ben a partir da realización do produto entre a Toxicidade e a Existencia de Requisitos cando a Magnitude sexa descoñecida.

Os criterios de valoración da significatividade son os seguintes:

SIGNIFICANCIA	VALORACIÓN
SIGNIFICATIVO	SIG > 23
NON SIGNIFICATIVO	SIG ≤ 23

Aínda que a xeración de residuos recollidos nas praias e gran parte dos consumos habidos nestas son consecuencia do usufruto das nosas praias polos visitantes, estes aspectos evaluáanse como aspectos medioambientais directos.

  
  
 DNV-GL

 CONCELLO DE MARÍN CONCELLARÍA DE MEDIO AMBIENTE	<b>DECLARACION MEDIOAMBIENTAL</b>	<b>Código: DMA- CONCELLO DE MARIN</b>
		<b>Revisión: 9</b>

#### 4.2. Avaliación de aspectos medioambientais indirectos.

Os aspectos medioambientais indirectos de aqueles provedores que traballan directamente nas nosas instalacións ou nas nosas praias avalianse do mesmo xeito e en conxunto cos aspectos medioambientais directos.

Os aspectos medioambientais xurdidos como consecuencia da realización de actividades, servizos ou produtos que se desenvolven fora das nosas instalacións avaliarase en función de dúas variables

---

#### DESEMPEÑO AMBIENTAL DAS EMPRESAS PROVEEDORAS OU SUBCONTRATADAS

---

#### GRADO DE CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS MEDIOAMBIENTAIS

---

O nivel de significancia obtense a partir da suma de ambas variables multiplicados estes por uns factores. Os criterios de valoración da significatividade son os seguintes:

SIGNIFICANCIA	VALORACIÓN
SIGNIFICATIVO	SIG > 12
NON SIGNIFICATIVO	SIG ≤ 12

#### 4.3. Avaliación de aspectos medioambientais en situacións de emerxencia.

As situacións de emerxencia aválanse en función das variables probabilidade e severidade.

---

**PROBABILIDADE:** Equivale á probabilidade de ocorrencia do suceso.

---

**SEVERIDADE:** Equivale á severidade das consecuencias no caso de que a emerxencia tivera lugar.

---

O nivel de significancia obtense a partir do produto de ambas variables. Os criterios de valoración da significatividade son os seguintes:

SIGNIFICANCIA	VALORACIÓN DE SIG
SIGNIFICATIVO	SIG ≥ 5
NO SIGNIFICATIVO	SIG < 5



DNV GL

 CONCELLO DE MARÍN CONCELLARÍA DE MEDIO AMBIENTE	<b>DECLARACION MEDIOAMBIENTAL</b>	<b>Código: DMA- CONCELLO DE MARIN</b>
		<b>Revisión: 9</b>

#### 4.4. Aspectos medioambientais significativos.

Os aspectos medioambientais significativos resultantes na última avaliación efectuada en 2017, cos datos de desempeño de 2016 son:

##### **PRAIA DE O SANTO :**

- XERACION DE RESIDUOS ORGÁNICOS

##### **PRAIA DE COVIÑA :**

- XERACION DE RESIDUOS ORGÁNICOS
- XERACION DE RESIDUOS DE ENVASES

##### **PRAIA DE PORTOCELO:**

- CONSUMO DE AUGA

##### **TALLER DE SACOA:**

- XERACION DE ACEITES USADOS
- XERACION DE ABSORBENTES CONTAMINADOS
- XERACION LODOS DE DECANTACION
- CONSUMO ELECTRICIDADE

##### **GENERAL :**

- PILAS (SERVICIO DE RECOLLIDA MUNICIPAL)


Ningún Aspecto Ambiental identificado como xerado en condicións de emerxencia ha sido avaliado como significativo. Tampouco existen aspectos indirectos significativos

  
  
**DNV GL**

 <p>CONCELLO DE MARÍN CONCELLARÍA DE MEDIO AMBIENTE</p>	<b>DECLARACION MEDIOAMBIENTAL</b>	<b>Código: DMA- CONCELLO DE MARIN</b>
		<b>Revisión: 9</b>

## 5. DESCRIPCIÓN DOS OBXECTIVOS E METAS MEDIOAMBIENTAIS EN RELACIÓN COS SEUS IMPACTOS MEDIOAMBIENTAIS.

O CONCELLO DE MARIN definiu un programa medioambiental onde se definen os **obxectivos** e metas medioambientais para o ano **2016**, a partir dos resultados da avaliación dos aspectos medioambientais efectuada en marzo de 2016 cos datos de desempeño de 2015,

Nº	OBXETIVO MEDIOAMBIENTAL	META/S MEDIOAMBIENTAIS	OBSERVACIÓNS
1	Mellora da imaxe das praias	<p>Concienciación dos usuarios sobre o uso de papeleiras e colectores</p> <p>Reparacións en accesos</p> <p>Redución de impactos visuais. Pintado de muros en verde brión, LOIRA</p>	Cartelería
2	Melloras en sinalización e accesibilidade ás praias	<p>Disposición de nova cartelería de caracterización dos areais</p> <p>Recolocación de casetas de socorrismo en Aguete, aumentando as vías accesibles para minusválidos e os accesos de ambulancias</p> <p>Dotación de novo lavapies no acceso a MOGOR</p>	
3	Mellora da segregación dos residuos xerados nos areais	<p>Aumento da cobertura da recollida selectiva de residuos nos areais</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>Dotación de "cabicheiros" para o seu uso polos usuarios das praias</li> <li>Subministración de sistemas de recollida selectiva de residuos de hixiene feminina nos baños das praias</li> </ol> <p>Concienciación de los usuarios en materia de recogida selectiva mediante carteles convidando a no deixar basura abandonada y a depositar cada fracción en su lugar</p>	<p>Distribución a usuarios dende casetas de socorrismo</p> <p>Dotación pola contrata de limpeza</p> <p>Carteis</p>
4	Redución de impactos causados por cheiros	<p>Renovación de sistemas de saneamento</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>Cambio de fosa séptica en Aguete</li> </ol>	
5	Mellora da seguridade en materia de primeiros auxilios e rescate no mar	<p>Renovación da dotación de embarcacións</p> <p>Ubicación desfibrilador en PORTOCELO</p>	Dotación de cabos, chalecos salvavidas, bengalas, linternas, etc
6	Redución do consumo de auga nas praias	<p>Sensibilización de usuarios en materia de consumo responsable</p> <p>Avaliación continua de perdas na Rede e puntos terminais</p>	<p>Carteis, en accesos, e en duchas e lavapes</p> 

 CONCELLO DE MARÍN CONCELLARÍA DE MEDIO AMBIENTE	<b>DECLARACION MEDIOAMBIENTAL</b>	<b>Código: DMA- CONCELLO DE MARIN</b>
		<b>Revisión: 9</b>

7	<b>Redución do consumo eléctrico en accesos a praias</b>	Optimización de horarios de acceso e apagado Instalación eléctrica en acceso "camiño de Aguete" con LEDS	
8	<b>Redución do consumo de papel</b>	Contabilidade dos residuos recolleitos polo servizo de limpeza, praia a praia e día a día, segundo fraccións, mediante dispositivos tipo PDA	
9	<b>Promoción de hábitos saudables</b>	Participación na rede galega de PRAIAS SEN FUME, iniciativa posta en marcha pola Consellería de Sanidade para promover praias que respecten e coïden o medio ambiente	Obxectivo: Desnormalizar o consumo do tabaco da nosa sociedade. A praia de PORTOCELO foi elegida como lugar lúdico para disfrutar da familia, da parella, da natureza, e onde o fume do tabaco non ten cabida, sendo prescindible. O fin é, educativo, de promoción da saúde e de protección do medio ambiente, sendo o seu cumprimento voluntario.

Con respecto estes obxectivos marcados para a tempada anterior obtivemos a seguintes conclusións:

**1 Mellora da imaxe das praias → Obxectivo acadado**

Renováronse carteis convidando os usuarios a depositar os seus residuos nos colectores habilitados para o efecto. Os ratios de recollida de residuos de limpeza de areas diminúen fronte aos cocientes de recollida de residuos depositados nos seus colectores  
 Reparáronse accesos e pintáronse muros



**2 Melloras en sinalización e accesibilidade ás praias → Obxectivo acadado**

Todas as metas foron implantadas

**3 Mellora da segregación dos residuos xerados nos areas → Obxectivo parcialmente acadado**

Os cabicheiros foron fornecidos aínda que a demanda foi moi desigual segundo a praia e o perfil dos seus usuarios  
 A dotación en aseos de recipientes para hixiene feminina foi efectuada.

Dada a tipoloxía destes residuos a súa influencia na evolución dos cocientes de xeración das fraccións de recollida manual ou selectiva é insignificante

**SEPARA PARA RECICLAR**



MARIN  
 Gestión de playas sostenible

**4 Redución de impactos causados por cheiros → Obxectivo acadado**



 <p>CONCELLO DE MARÍN CONCELLARÍA DE MEDIO AMBIENTE</p>	<p><b>DECLARACION MEDIOAMBIENTAL</b></p>	<p><b>Código: DMA- CONCELLO DE MARIN</b></p>
		<p><b>Revisión: 9</b></p>

A fosa \*septica da praia de Mogor foi cambiada. Non se produciron queixas de usuarios debidas a cheiros

**5 Mellora da seguridade en materia de primeiros auxilios e rescate no mar → Obxectivo acadado**

Distintos equipamentos foron renovados (chalecos salvavidas, bengalas, bicheros, bucinas de néboa, botiquins, etc)

**6 Redución do consumo de auga nas praias → Obxectivo NON acadado**

Dispuxéronse carteis en duchas e lava-pés convidando a un consumo responsable. Mantivéronse actuacións asociadas a reparar puntuais fugas na rede ou billas.

Os cocientes de consumo segundo ocupación estimada dos areais indican un incremento do 1.86%. A ter en conta o incremento do consumo por accións de chorreo de muros, e singularmente nas praias mais "familiares" por hábitos de xogos nas duchas que han de ser erradicados.



**7 Redución do consumo eléctrico en accesos a praias → Obxectivo acadado**

Foron regulados horarios de aceso e apagado.

En areas que necesitaron renovación, as luminarias incandescentes foron substituídas por sistemas LED

Os cocientes de consumo segundo ocupación estimada dos areais indican una diminución do 7% do consumo relativo

**8 Redución do consumo de papel → Obxectivo parcialmente acadado**

Cambiouse a sistemática de rexistro de datos de residuos retirados dos areais polo servizo de limpeza. As enquisas a usuarios seguiron sendo presentadas en papel.

O obxectivo considérase parcialmente alcanzado aínda que, sendo este aspecto ambiental indirecto, o concello de marín non dispón de datos que permitan a cuantificación da mellora

**9 Promoción de hábitos saudables → Obxectivo acadado**

Na praia de Portocelo foi obxecto de participación na iniciativa "Rede galega de PRAIAS SEN FUME".

A acollida da iniciativa polos usuarios foi moi desigual. Foron múltiples os avisos efectuados polo persoal socorrista ou a policía municipal en eventuais roldas. A campaña tenia un fin informativo e de concienciación. Non se derivaron sancións



A partir dos datos de desempeño desta tempada 2016 veñen de ser definidos os obxectivos para a campaña estival 2017. Estes son os seguintes:

**DNV-GL**

 CONCELLO DE MARÍN CONCELLARÍA DE MEDIO AMBIENTE	<b>DECLARACION MEDIOAMBIENTAL</b>	<b>Código: DMA- CONCELLO DE MARIN</b>
		<b>Revisión: 9</b>

Nº	OBXETIVO MEDIOAMBIENTAL	META/S MEDIOAMBIENTAIS	OBSERVACIÓNS
0	<b>Mellora da imaxe do Concello de Marín como organización ambientalmente comprometida</b>	<p>Renovación rexistro EMAS</p> <p>Difusión DMA con referencia a reducións de consumos e evolución na xeración de residuos por usuarios</p> <p>Disposición nos Accesos ás Praias de cartelería alusiva ao compromiso do Concello de Marín COMPROMETIDOS CO MEDIO AMBIENTE</p>	<p>WEB</p> <p>Nova cartelería</p>
1	<b>Mellora da imaxe das praias</b> (continuación campaña 2016)	<p>Concienciación dos usuarios sobre o uso de papeleiras e colectores</p> <p>Reparacións en accesos tras temporais de invernos</p> <p>Redución de impactos visuais. Pintado de muros en verde brión</p>	<p>Renovación cartelería deteriorada</p>
2	<b>Melloras en accesibilidade ás praias</b>	<p>Dotación de cadeira anfibia adicional</p> <p>Recolocación de casetas de socorrismo, aumentando as vías accesibles para minusválidos e os accesos de ambulancias</p> <p>Dotación de novos lavapies e fontes en accesos</p>	<p>Adecuación segundo Plan de Usos</p>
3	<b>Mellora da segregación dos residuos xerados nos areais</b>	<p>Aumento da cobertura da recollida selectiva de residuos nos areais</p> <p>1. Dotación de "cabicheiros" para o seu uso polos usuarios das praias (continuación campaña 2016)</p> <p>2. Subministración de sistemas de recollida selectiva de residuos de hixiene feminina nos baños das praias</p> <p>Concienciación dos usuarios en materia de recollida selectiva mediante carteis convidando a non deixar lixo abandonado e a depositar cada fracción no seu lugar</p>	<p>Distribución a usuarios desde casetas de socorrismo</p> <p>Dotación por contrata de limpeza. A súa recollida será diaria polo servizo de limpeza para a súa posterior xestión como RSU</p> <p>Renovación cartelería deteriorada convidando a non abandonar desperdicios e a depositar cada fracción no seu sitio</p>
4	<b>Mellora na segregación de residuos urbanos asociados a canle HORECA no ámbito das praias</b>	<p>Dotación a kioscos, bares, restaurantes... de colectores para recollida selectiva de orgánicos e de envases</p>	<p>Campaña ECOEMBES. Sensibilización de usuarios en materia de recollida selectiva</p>
5	<b>Mellora da seguridade nos areais e en primeiros auxilios e rescate en mar</b>	<p>Campaña de desratización nas praias</p> <p>Novo desfibrilador en Aguite</p> <p>Dotación de roscos salvavidas con dispoñibilidade fóra de horario de socorristas</p>	<p>Kioscos nos areais</p>



DNV-GL

 <p>CONCELLO DE MARÍN CONCELLARÍA DE MEDIO AMBIENTE</p>	<b>DECLARACION MEDIOAMBIENTAL</b>	<b>Código: DMA- CONCELLO DE MARIN</b>
		<b>Revisión: 9</b>

6	<b>Redución do consumo de auga nas praias</b> (continuación campaña 2016)	Sensibilización de usuarios en materia de consumo responsable (nenos & duchas)  Avaliación continua de perdas na Rede e puntos terminais	Renovación cartelería deteriorada convidando a non xogar nas duchas e prohibindo o uso de xabóns
7	<b>Redución de consumo enerxéticos, contaminación ambiental e ruídos en transporte a praias</b>	Fomento do uso de transporte colectivo en detrimento de vehículos particulares  Fomento do uso da bicicleta como medio de transporte sustentable (Portocelo, Mogor, Aguete)	Frecuencias colectivos  Iniciativas "ciclomarchas e andainas" (ruta 5, carreiro azul...)  Mellora na sinalización de carrís bici e de áreas de uso compartido ou restrinxido  Aumento de áreas "aparcas-bicis" en areas (aros)
8	<b>Redución de xeración de residuos de fosa de decantación en Taller Sacoa</b>	Cesamento de uso compartido de instalacións con contrata de servizo de limpeza	Adxudicación Xuño 2017
9	<b>Redución de consumos eléctricos e de auga en Taller Sacoa</b>	Cesamento de uso compartido de instalacións con contrata de servizo de limpeza Mudanza de cristais con maior aproveitamento de luz natural	



DNV GL


## 6. DESCRICIÓN SOBRE AS EMISIÓNS DE CONTAMINANTES, A XERACIÓN DE RESIDUOS, O CONSUMO DE MATERIAS PRIMAS, ENERXÍA E AUGA, O RUÍDO, ASÍ COMO OUTROS ASPECTOS.

Tómanse como valor de referencia e **indicadores de desempeño**, a maiores dos indicadores básicos, mostrados no apartado 7, os seguintes:

- Residuos Sanitarios xerados en praias. Considéranse fronte o número de intervencións feitas polos socorristas.

- Total intervencións, 2013 - 1.646 actuacións
- Total intervencións, 2014 - 1.924 actuacións
- Total intervencións, 2015 - 1.499 actuacións
- Total intervencións, 2016 - 1938 actuacións

As intervencións máis reproducibles en 2016 foron picaduras de vespa (290), picaduras de beicinho (362), e lesións ou feridas (634), traumatismos (58) -que requiren consumo de recursos e xeración de residuos-, rescates acuáticos e avisos aos buques (121), avisos os buzos e pescadores (38), -que demandan consumos-, avisos por presenza de animais (178), entre outras, en tanto que as menos reproducibles veñen de ser, avisos zona de baño (12), avisos a policía (10), nenos perdidos (13), golpe de calor (4) (que non esixen consumos nin xeras residuos). Todas contabilízanse os efectos do cálculo do indicador de xeración de residuos sanitarios ou do consumo das embarcacións neumáticas



	<b>DECLARACION MEDIOAMBIENTAL</b>	<b>Código: DMA- CONCELLO DE MARIN</b>
		<b>Revisión: 9</b>

- Residuos peligrosos, consumos de combustibles e consumos eléctrico e de auga no taller da Sacoa considéranse fronte o número de traballadores do Concello de Marín no taller no alcance do EMAS, ou fronte o numero de vehículos, km recorridos ou horas de funcionamento.

- Traballadores Sacoa, 4
- Vehículos afeitos o traballo nas praias, 7

- Residuo de algas. Considéranse fronte a superficie de cada areal

- Consumos e residuos xerados nas praias. Considéranse fronte o número de usuarios calculados

Elaborouse inicialmente para cada praia un cálculo aproximado dos usuarios da praia ao longo de toda a campaña estival. A fórmula empregada é a seguinte:

$$\text{Nº de usuarios: } (1/4D_s + 1/20D_n + 1/80D_{ch}) * S$$

en onde  $D_s$  son os días soleados ao longo da campaña,  $D_n$  son os días nubrados e  $D_{ch}$  son os días de choiva e  $S$  e a superficie en  $m^2$  do areal. Nos días soleados considerase que a ocupación na praia é de 1 persoa cada  $4 m^2$ , nos días nubrados a ocupación é de 1 persoa cada  $20 m^2$  e nos días de choiva a ocupación é de 1 persoa cada  $80 m^2$ .

As superficies dos areais son:

- ✓ Portocelo,  $4500 m^2$
- ✓ Mogor,  $6250 m^2$
- ✓ Agnete,  $22500 m^2$
- ✓ Loira,  $12000 m^2$
- ✓ Santo,  $2000 m^2$
- ✓ Coviña  $500 m^2$

Os cálculos levados a cabo nos da o número de **usuarios estimados**:

USUARIOS	2013	2014	2015	2016
<b>PORTOCELO</b>	69.750	71.494	82.013	96.300
<b>MOGOR</b>	96.875	97.813	113.906	133.750
<b>AGUETE</b>	348.750	352.969	410.063	481.500
<b>LOIRA</b>	186.000	188.250	218.700	256.800
<b>O SANTO</b>	31.000	31.375	36.450	42.800
<b>A COVIÑA</b>	7750	7.719	9.113	10.700
<b>TOTAL</b>	740.125	749.619	870.244	102.1850

A duración das tempadas ampliouse nos derradeiros anos, sendo moi favorable a climatoloxía dos veráns 2015 e 2016



 CONCELLO DE MARÍN CONCELLARÍA DE MEDIO AMBIENTE	<b>DECLARACION MEDIOAMBIENTAL</b>	<b>Código: DMA- CONCELLO DE MARIN</b>
		<b>Revisión: 9</b>

### 6.1 .Consumo de combustible.

Os totais de consumo na época estival foron os indicado na seguinte tabla;

CONSUMO DE GASOLEO					
vehículo		2013	2014	2015	2016
Balsas neumáticas		104,27	133,35	526,31	476,16
PO-0818-BH		330,43	239,89	468,64	405,56
E-4427-BCK		0	149,72	154,79	256,25
PO-43699-VE		92,02	407,47	299,11	185,48
0281 HVC		-	252,35	240,54	207,88
PO-0411-BD		0	275,44	147,38	64,36
1133-FSK		260,04	-	-	-
E-3075-BFN		186,45	60,07	57,47	217,70
E-3076-BFN		216,06	307,93	457,995	228,54
<b>TOTAL</b>		<b>1189,27</b>	<b>1826,22</b>	<b>2352,235</b>	<b>2041,93</b>

En total o consumo de gasóleo ven de ser reducido nun 19.88% no verán do 2016 fronte a tempada 2015, considerando tanto embarcacións como vehículos.

Os consumos por vehículos en función do funcionamento foron de

CONSUMO (Litros/Km ou Litros/hora).				
VEHICULO	2013	2014	2015	2016
PO-0818-BH, (l/100 km)	20,4	14,51	24.11	21.5
E4427BCK, (l/hora)	0	4.04	-	-
PO-43699-VE ,(l/hora)	8.36	7.54	-	-
PO-0411-BD , (l/100 km)	0	18.68	13.1	14.53
1133FSK , l/100 km)	10.6			
E-3075-BFN , (l/hora)	3.27	3.99	-	-
E-3076-BFN , (l/hora)	5.02	5.09	-	-
0281 HVC , (l/100 km)			5.21	4.65

Para os vehículos utilizados observase que os valores acadados de consumo son similares aos alcanzados en campañas anteriores. As diferenzas mais notables céntranse no vehículo limpiapraias, apenas usado en 2014 e 2015, nunha furgoneta e no camión. Nestes derradeiros casos o consumo está vinculado a carga transportada e o uso da grúa Este control é levado a cabo polo capataz de limpeza e o Responsable de medioambiente que fai unha contabilidade dos consumos de combustible para cada un dos vehículos empregados. Durante cada carga anótanse os kilómetros percorridos ou as horas de funcionamento da maquinaria.

 CONCELLO DE MARÍN CONCELLARÍA DE MEDIO AMBIENTE	<b>DECLARACION MEDIOAMBIENTAL</b>	<b>Código: DMA- CONCELLO DE MARIN</b>
		Revisión: 9

Embarcacións neumáticas. A cantidade de combustible consumido polas balsas neumáticas durante o ano 2014 foi de 133.35 litros o que nos da un valor de 1.43 litros/balsa.día. No verán de 2013 foi de 104.27 litros o que nos da un valor de 1.09 litros/balsa.día, isto significa unha diminución moi importante con respecto ao dato acadado durante os anos anteriores e posteriores. Esta diminución pode atribuírse ao cumprimento estrito das instrucións sobre o uso das balsas neumáticas y a que no 2013 y 2014 unicamente tivemos unha embarcación en servizo. Na campaña de 2015 e 2016 dúas foron as embarcacións neumáticas dispostas para os servizos de socorrismo.

CONSUMO				
Embarcacións	2013	2014	2015	2016
Litros	104,27	133,35	526,31	476,16
Indicador (l/día.balsa)	1,09	1,43	2,86	2,86
Indicador (l/actuación)	0,06	0,069	0,35	0,25


Dende o 2015 a distancia a percorrer e maior co novo servizo de socorrismo na praia de Loira. Ademais o desenrolo de practicas e a premisa do coordinador de que as embarcacións efectúen rondas de vixilancia, xunto con un clima mas amigable para a utilización das praias, provocou que as embarcacións estiveran durante mais tempo nas augas en momentos de alta afluencia. Considerando os días de duración do servizo e socorrismo en cada unha das campañas, vemos a estabilidade do consumo en 2.86 litros /balsa.día

A análise comparativa dos litros consumidos de combustible en función das actuacións que se levaron a cabo, non permite obter conclusións nin facer extrapolacións; A intervención dun socorrista non necesariamente demanda o emprego das embarcacións neumáticas, o tempo que nas intervencións vinculadas a rescates no mar, avisos, ou outras que requiran o emprego das embarcacións, supoñen un consumo de combustible dereitamente vinculado ó estado do mar, o senso do vento, a duración das intervencións, ou a necesidade de facer remolque, entre outros.

## 6.2. Xeración de Residuos Perigosos.

Debido as actividades levadas a cabo, no CONCELLO DE MARIN xéranse residuos perigosos de distinta tipoloxía en distintas ubicacións. Todos estes residuos, caso de producirse en actividades vinculadas a xestión das praias, foron identificados como aspectos medioambientais e avaliados consecuentemente. Así os residuos perigosos identificados son:

- ✓ Envases perigosos
- ✓ Acumuladores de Ni/Cd. Baterías de Pb
- ✓ Fluorescentes



 CONCELLO DE MARÍN CONCELLARÍA DE MEDIO AMBIENTE	<b>DECLARACION MEDIOAMBIENTAL</b>	<b>Código: DMA- CONCELLO DE MARIN</b>
		<b>Revisión: 9</b>

- ✓ Residuos Sanitarios
- ✓ Lodos de decantación
- ✓ Aceites
- ✓ Filtros de aceite/combustibles
- ✓ Pilas
- ✓ Absorbentes e Trapos contaminados.
- ✓ Augas con hidrocarburos

As cantidades de residuos retiradas durante os derradeiros anos foron as seguintes:

Residuos perigosos, kg	2013	2014	2015	2016
Envases perigosos	41	21	24	21
Acumuladores- Baterias	0	0	0	0
Fluorescentes (1) (3)	(865 Uds) 259,5	(852 Uds) 255,6	(932 uds) 279,6	(810 uds) 243 *
Residuos Sanitarios (4)	5	4	5	5
Lodos de decantación (2)	5980	6240	6600	8020
Aceites	710	500	0	400
Filtros aceite/combustibles	43	64	36	41
Pilas(1)	0	0	240	569
Absorbentes contaminados.	58	25	16	21
Aguas hidrocarbурadas	0	0	60	0

Os indicadores relativos os residuos perigosos son:

Indicadores xeración	2013	2014	2015	2016
Envases perigosos (7) (Kg / traballador Sacoa)	10,23	5,2	6	5,25
Acumuladores de Ni/Cd (kg / vehículo)	0	0	0	0
Fluorescentes (1) (3) (Kg traballador concello)	3,99	3,93	4,30	3,74
Residuos Sanitarios (4) (kg intervención)	0,0030	0,0021	0,0033	0,0026
Lodos de decantación (2) (Kg / vehículo)	854,28	891,42	942,77	1145,71
Aceites (5) (kg / vehículo)	88,75	71,42	0	57,14
Filtros aceite/combustibles (5) (kg / vehículo)	6,14	12,8	5,14	5,86
Absorbentes contaminados (5) (kg / vehículo)	8,28	5	2,29	4,57
Pilas(1) (Kg / traballador concello)	0	0	3,69	8,75
Aguas hidrocarbурadas (6)	0	0	8,57	0

